

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE XULLO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención informando do nomeamento da Sra. Tarrío Tobar como nova vicerreitora de Organización Académica da Universidade da Coruña, en substitución da Sra. Uriz Tomé, a quen o Sr. Reitor quere agradecer publicamente o esforzo e traballo realizados durante o exercicio das súas funcións como vicerreitora de Organización Académica da Universidade da Coruña. Igualmente, o Sr. Reitor dá conta do nomeamento do Sr. Freixeiro Mato como novo director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en substitución da Sra. Sanmartín Rei, a quen o Sr. Reitor tamén quere agradecer expresamente o traballo realizado fronte ao Servizo de Normalización Lingüística, recoñecido incluso fóra da propia comunidade universitaria, pois son numerosas as institucións que teñen como modelo de actuación neste concreto ámbito as actividades desenvolvidas durante todo este tempo polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor tamén informa os membros do Consello de Goberno sobre a última Asemblea Xeral da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), realizada en Madrid o día 5 de xullo de 2006, en que se trataron esencialmente tres cuestións. En primeiro lugar, o Anteproxecto de lei de modificación da Lei orgánica de universidades, a respecto do que os reitores afirmaron que non ten en conta boa parte das suxestións presentadas pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas como *Informe ao Anteproxecto* no Pleno do Consello de Coordinación Universitaria, razón pola que decidiron manter e reiterar a posición que a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas fixo chegar no seu día ao Ministerio de Educación e Ciencia. En segundo lugar, a proposta do Ministerio de Educación e Ciencia para mudar o artigo 14 do Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, sobre o sistema de habilitación, que se considera positiva, en tanto coincide coa formalizada no seu día pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, e que facilita a convocatoria de concursos por parte das universidades sen vincularlos a novas convocatorias de probas de habilitación. E en terceiro lugar, o establecemento de certos criterios para a convocatoria de habilitacións, relativos a unha convocatoria de alcance limitado, a non convocar prazas en áreas que non foron solicitadas polas universidades e en áreas que dispoñan dunha bolsa de habilitados superior a tres, e a convocar prazas naquelas áreas deficitarias até completar unha dispoñibilidade de tres habilitados que poidan concorrer aos concursos que promovan as universidades. O Sr. Reitor finaliza a súa intervención neste concreto asunto informando tamén da reunión mantida polo Comité Permanente da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas co Secretario de Estado de Universidades e co

novo equipo do Ministerio de Educación e Ciencia, en que se deron a coñecer algunhas das novas medidas de aplicación para a adaptación do sistema universitario español ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Igualmente, o Sr. Reitor dá conta do tratado na sesión ordinaria do Consello Galego de Universidades, desenvolvida o día 7 de xuño de 2006, en que, entre outras cuestións, se emitiu informe sobre a norma autonómica pola que se van fixar os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso académico 2006/2007. De igual xeito, o Sr. Reitor dá conta da sinatura de dous convenios de colaboración formalizados coa Xunta de Galicia, que son, por unha parte, o protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a articulación dos servizos de apoio ao emprendemento e ao emprego (SAE) nos campus universitarios galegos, e por outra, o convenio de colaboración entre a Consellaría de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa Empresa-Concepto.

Conclúe a súa intervención o Sr. Reitor incidindo na visita á cidade de Ferrol das súas Maxestades os Reis de España, na medida en que a Universidade da Coruña estivo presente en varias ocasións nos discursos de EL-REI, algo que o Reitor lle agradeceu no seu momento e quere volver agradecer expresamente nesta sesión do Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa da resolución da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, relativa á Convocatoria de axudas a asociacións estudiantís universitarias, pola que se adxudican ás asociacións da Universidade da Coruña 24.880,00 euros, ás asociacións da Universidade de Vigo 15.700,00 euros e ás asociacións da Universidade de Santiago de Compostela 12.750,00 euros. Sobre a base de que case a metade do orzamento da convocatoria foi adxudicado para financiar actividades presentadas polas asociacións de estudantes da nosa universidade, o Sr. Vicerreitor de Estudantes afirma que é a primeira ocasión na que isto ocorre, e que recibiu a felicitación do director xeral de Ordenación e Calidade do SUG polo labor realizado no eido das asociacións, particularmente pola normativa que regula o seu funcionamento (Regulamento de asociacións) e a creación do Rexistro de Asociacións (RAE-UDC).

Igualmente, dá conta do feito de que, rematados os traballos que culminaron coa presentación pública do *Informe de Autoavaliación do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE)*, a ACSUG acaba de remitir o *Informe de Avaliación Externa*, froito do traballo e das audiencias realizadas polo Comité Externo nos primeiros días do mes de xullo. Pasada esta segunda fase do proceso, elaborárase o *Informe Final e o Plano de Melloras do SAPE*, que no seu momento será presentado publicamente.

Prosegue a súa intervención o Sr. Vicerreitor indicando que o pasado día 18 de xullo, se publicou no DOG a *Orde pola que se convocan os premios de excelencia*

académica para o alumnado que inicie estudos universitarios no SUG, no curso 2006-2007, sendo a dotación do premio de 3.000 euros, e o prazo de presentación de solicitudes de 31 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da orde, incrementándose o número de posibles premios da Universidade da Coruña, xa que pasamos dun premio por centro a un premio por titulación.

Igualmente, infórmase da participación da nosa universidade na Feira de Mostras do Noroeste, que tivo lugar no recinto feiral de Punta Arnela (Ferrol, 11 a 16 de xullo), na que a participación da nosa universidade se concretou fundamentalmente na difusión da nosa oferta académica e tecnolóxica. Estiveron presentes o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), así como as áreas dependentes das vicerreitorías de Estudantes e de Ferrol e Relación Universidade-Empresa: orientación académica, orientación laboral, información xuvenil e autoemprego, cunha mención especial a creación de empresas de base tecnolóxica; e tamén se concretou na difusión, dentro da oferta investigadora e científico-tecnolóxica, da información referida aos centros Tecnolóxicos da UDC (Centro de Investigacións Tecnolóxicas de Ferrol e o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil do Campus de Elviña), xunto coas liñas de investigación e os proxectos de I+D desenvolvidos polos grupos desta universidade, co obxectivo de difundir o noso potencial científico e tecnolóxico e ofrecer colaboración a empresas e organismos para realizar actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

Na intervención do Sr. Vicerreitor de Estudantes tamén se fai mención ás diversas convocatorias de bolsas, tanto propias como da Comunidade Autónoma, publicadas nas últimas datas e das que son puntualmente informados os estudantes, tanto a través do SAPE, como da propia vicerreitoría, desde a que se remiten carteis informativos a todos os centros da universidade. Sinaladamente faise mención á convocatoria da XUGA de bolsas de colaboración en departamentos, á convocatoria de Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma, á convocatoria de bolsas para estudantes con dificultades económicas para continuar estudos por causa sobrevida ou imprevista, e por último, á convocatoria UDC de prazas nos aloxamentos universitarios concertados.

Despois de dar conta do feito de que a Dirección Xeral de Emprego ten concedido, un ano mais, unha subvención para a contratación de traballadores que garantirán o funcionamento das Aulas Net e que serán seleccionados en oferta pública de emprego e contratados a partir dos vindeiros meses de outubro e novembro, o Sr. Vicerreitor de Estudantes remata a súa intervención centrándose no Anteproxecto de Estatuto do Estudante, que, tendo en conta as datas en que nos atopamos, será presentado despois das vacacións, concretamente no mes de setembro, perante a Comisión de Extensión Universitaria delegada deste Consello de Goberno, así como ante os representantes dos estudantes, e posteriormente, e antes de remitilo ao Claustro, será debatido neste Consello de Goberno, do que se solicitará informe.

Concluída a intervención do Sr. Vicerreitor de Estudantes, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen sinala que, desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación

Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2005 por importe de 951,39 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base 9ª.2 do orzamento. Tamén informa de que a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, consonte o parágrafo segundo da base 9ª.2 do orzamento, validou expedientes de gasto e a súa correspondente imputación a créditos de 2006 de obrigas xeradas por importe de 428.376,49 euros na súa sesión do dezasete de xullo.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, que centra a súa intervención en seis concretas cuestións. En primeiro lugar, na reunión da Comisión Executiva da Sectorial de I+D da CRUE co novo secretario xeral de Política Científica e Tecnolóxica de Estado de Investigación, D. Francisco Marcellán, que salientou as prioridades en recursos humanos, no censo, avaliación e acreditación de institutos universitarios e outras estruturas de investigación, no financiamento enfocado aos grupos, na avaliación *ex post*, na incentivación da participación no VII Programa Marco da UE, na chegada de investigadores doutros países e, por último, no fomento da tranferencia real de tecnoloxía ás empresas. En segundo lugar, na publicación no DOG de 15 xuño da convocatoria de grupos de referencia competitiva, Redes de investigación e Grupos emerxentes, sobre a que informou o director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG no Campus de Elviña o pasado día 20 de xuño. En terceiro lugar, na reunión de vicerreitores de Investigación realizada en Madrid o día 5 de xullo, na que se trataron diversos asuntos, tales como os problemas para a contratación de bolseiros FPI/FPU e bolseiros no estranxeiro, o papel das OTRI no novo contorno da transferencia de coñecemento, a presentación á asemblea da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas dun plano de impulso da participación das universidade españolas no 7º Programa Marco (neste sentido o Ministerio porá en marcha a iniciativa Eurociencia dentro do programa Ingenio 2010), a análise do programa Ramón y Cajal e a iniciativa I3. En cuarto lugar, na reunión co director xeral de Ordenación e Calidade do SUG, que informou, entre outras cousas, da próxima convocatoria de bolsas de posgrao e terceiro ciclo, que se publicará en breve no DOG, e tamén da aprobación no Consello de Coordinación Universitaria do aprazamento até finais do curso 2008-09 para a extinción dos actuais programas de doutoramento, pendente de publicación no BOE, razón pola que o último bienio dos actuais programas de doutoramento será 2008-2010. En quinto lugar, na reunión co director xeral de I+D o día 19 de xullo, quen anunciou a próxima saída no DOG de distintas convocatorias de axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación (programa María Barbeito. Contratos predoutorais, que substitúen as actuais bolsas predoutorais, axustándose ao Estatuto de persoal investigador en formación; prórrogas das bolsas predoutorais, 1ª e 2ª prórroga, e a súa transformación en contratos; programa Isidro Parga Pondal, novas adxudicacións e prórrogas da convocatoria de 2004, incorporándose outras entidades; e bolsas para estadías fóra de Galicia). E por último, no comezo da resolución das distintas convocatorias de proxectos do Ministerio de Educación e Ciencia.

Despois da intervención da Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. O sr. Vicerreitor sinala aos membros do Consello de Goberno que, desde o pasado día 7 de xullo, está

aberta a convocatoria dos V Premios de Investigación que patrocinan o conxuntamente o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña, rematando o prazo de presentación de traballos o día 15 de setembro de 2006. O presente ano a convocatoria en cuestión corresponde aos V Premios de Investigación González Llanos, dedicado a traballos do ámbito de enxeñaría naval, e Concepción Arenal, dedicado a traballos no eido das humanidades.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea. Comeza a súa intervención dando conta da corrección de certos erros localizados nos artigos 12.d) e 24 do Regulamento de estudos oficiais de posgrao da Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 30 de xuño de 2006. Tamén en materia de programas oficiais de posgrao, o Sr. Vicerreitor informa aos membros do Consello de Goberno da posta en marcha do proceso de prescrición, que está a desenvolverse con toda normalidade, e do primeiro encontro do Foro de Debate cara a establecer uns estudos de posgrao oficiais en comunicación audiovisual en Galicia de calidade, presidido polo director xeral de Comunicación Audiovisual e ao que asistiron representantes dos diversos axentes implicados no sector audiovisual da nosa comunidade (universidades galegas, asociacións do audiovisual, sindicatos, empresas e administración). Remata a súa intervención o Sr. Vicerreitor informando sobre o proceso de avaliación docente, dando conta da porcentaxe de participación, que está na media do que a Axencia Nacional da Avaliación da Calidade e Acreditación considera como realmente óptimo e positivo, aínda que o Sr. Vicerreitor entende que se trata dunha porcentaxe que debe ser mellorada.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2006

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 30 de xuño de 2006.

3. CONTRATOS E CONVENIOS

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 23 convenios, clasificados en convenios marco (2), convenios específicos (6) e convenios para prácticas (15). Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Casabella López, Naveira Fachal, Fernández Cervantes e Barral Losada. Nesta quenda, despois de sinalar o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa que se está a elaborar un regulamento específico de convenios, o Sr. Fernández Cervantes solicita que na parte que corresponda a convenios de programas de cooperación educativa se evite empregar expresións tales como “actividades profesionais”, que non semellan ser moi correctas, tendo en conta que se trata de convenios pensados só para a formación académica en prácticas dos alumnos.

Os convenios en cuestión, que figuran no **anexo II**, son **aprobados** por asentimento.

4. CADRO DE MANDO DO PLANO ESTRATÉXICO

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, que, antes de presentar a aprobación ao Cadro de Mando do Plano Estratéxico, aproveita a ocasión para comunicar que cómpre introducir unha corrección dun erro nos documentos relativos ao DAFO, consistente na eliminación como ameaza “Proceso de desregulación do mercado laboral”, que é algo que se acepta por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

En relación ao Cadro de Mando, o Sr. Vicerreitor sinala que corresponde ao Consello de Goberno a súa aprobación, decidindo sobre a incorporación das emendas presentadas polos grupos de debate ás propostas elaboradas polas comisións delegadas de área. Coa convocatoria enviáronse os documentos “PEUDC_6A/B/C”, que figuran no **anexo III** e na propia sesión do Consello de Goberno se entregaron os documentos “Emendas Grupos Debate C. I+D+i/Docencia/R.Sociedade”, que figuran no **anexo IV**. No proceso de elaboración produciuse, segundo se tiña anunciado, unha aceleración do ritmo de elaboración do plano, aínda que isto se traduciu nunha maior brevidade dos prazos, non na diminución dos ámbitos de participación, como se pon de manifesto nas seis seguintes etapas: 1) a Comisión de Estratexia elaborou un primeiro borrador do cadro de obxectivos para as tres áreas estratéxicas (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade), e remitiuse o borrador aos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno para recoller as súas suxestións; 2) as suxestións remitidas polos membros das tres comisións, e por outros colectivos interesados, foron incorporadas a unha nova versión do documento que lles foi remitida; 3) a nova versión dos obxectivos foi discutida nas reunións convocadas para o efecto, en que se elaboraron os documentos PEUDC_6A/B/C; 4) os documentos PEUDC_6* foron remitidos aos grupos de debate, que están formados por 12 membros, e en que se integraron todos os responsables de Calidade dos Centros e se completaron con representantes de PDI, PAS e alumnos seleccionados de entre os propostos polas Xuntas de Centro na procura de grupos equilibrados e representativos; 5) os membros dos grupos de debate discutiron en intensivas sesións as emendas remitidas por escrito e as presentadas nas propias reunións; e 6) as comisións delegadas reuníronse para analizar as emendas, formulando as propostas que se presentan ao pleno do Consello de Goberno, nas que se promove a incorporación da meirande parte das emendas. Achéganse no **anexo V** os documentos “Análise da CDCG I+D+i/Docencia/R.Sociedade das emendas”.

Do resultado deste proceso, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica desexa destacar que a elaboración do cadro de mando foi un proceso altamente participativo, en que interviñeron 7 comisións que suman 62 membros, que se produciu unha notabilísima converxencia entre os puntos de vista expresados, e que se acadou un documento que é froito do consenso entre todos os participantes, e que, aínda que corresponde á fase 3 do plano a determinación dos obxectivos xerais, niveis, prazos e responsables, reservándose a proposta de proxectos e accións ás seguintes fases, o certo é que o Cadro de Mando supón un notable avance na dirección destas fases posteriores, ao incorporar indicadores cuxa procura remite de forma directa a actuacións concretas.

Antes de dar a palabra aos outros membros do Consello de Goberno, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica quere aproveitar a ocasión para agradecer a todos os participantes no proceso o seu esforzo, e felicitar pola cantidade e calidade do seu traballo, e polo seu interese en acadar puntos de encontro. En consonancia con isto, promove a aceptación da proposta presentada nos documentos de síntese.

Ábrese unha quenda de suxestións, obxeccións ou emendas. Recóllense, de cara ás seguintes fases do plano, as suxestións dos Sres. Vidal Romaní e González López acerca do interese de potenciar as actividades náuticas e subacuáticas.

Apróbanse por asentimento as propostas das comisións.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Investigación, que informa dos trámites seguidos para a elaboración deste regulamento, en que participaron moi activamente cinco dos seis directores dos actuais institutos universitarios da Universidade da Coruña e tamén a Comisión de Investigación.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Naveriro Fachal e o Secretario Xeral.

O regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios de Investigación da Universidade da Coruña, tal e como figura no **anexo VI**, **apróbbase** por asentimento.

6. MESTRADOS E POSGRAOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa das solicitudes formalizadas para a implantación do Mestrado en Arquitectura del Paisaje Juana de Vega e do Mestrado Ejecutivo en Administración de Empresas, que figuran no **anexo VII**.

Os mestrados en cuestión, tal e como figuran no anexo indicado, **aprobáanse** por asentimento.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta aos membros do Consello de Goberno das solicitudes formalizadas para operar modificacións no Curso de Posgrao en Coordinación de Seguridad y Salud en la Construcción, no Mestrado en Valoración de Discapacidades, del Daño Corporal y de la Dependencia e no Curso de Posgrao en Gerontología Clínica, que figuran no **anexo VIII**.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Fernández Cervantes e González Cabanach centrando a súa intervención nos cambios que se propoñen no Mestrado en Valoración de Discapacidades, del Daño Corporal y de la Dependencia, que no caso de seren aprobados poden ocasionar confusións co Mestrado en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia, do programa oficial de posgraos en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Sociedade. O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén intervéñ para propoñer que se pospoña a aprobación dos cambios en cuestión co fin de que a Comisión de Posgraos Oficiais informe sobre a viabilidade destes.

Apróbase por asentimento os cambios suxeridos nos cursos de posgraos en Coordinación de Seguridad y Salud en la Construcción e en Gerontología Clínica, tal e como figuran no **anexo VIII**. Tamén se **aproba** por asentimento pospoñer a aprobación dos cambios no Mestrado en Valoración de Discapacidades, del Daño Corporal y de la Dependencia e solicitar informe sobre viabilidade destes á Comisión de Posgraos Oficiais.

7. LICENZAS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de licenza para os efectos de docencia e investigación para a realización de actividades investigadoras de D. Marcos Lado Liñares (Departamento de Ciencias da Navegación e da Terra), do 7 de xuño de 2006 até o 10 de xaneiro 2006 (estadía no *Volcani Center-Israel*), que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento a licenza cuxos detalles se recollen no **anexo IX**.

8. VENIA DOCENDI PROFESORADO DE CENTROS ADSCRITOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da solicitude *venia docenci* da profesora Lucía Varela Porteiro para impartir a materia Seguridade no Traballo e Acción Social na Empresa na Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, que foi informada favorablemente polo Departamento de Dereito Público Especial e pola COAP.

Apróbase por asentimento a concesión da *venia docendi*, cuxos detalles figuran no **anexo IX**.

9. RENOVACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PROFESORADO EMÉRITO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado segue co uso da palabra para dar conta da solicitude de renovación da contratación como emérita da profesora Milagros Rey Hombre, na area de coñecemento Construcións Arquitectónicas (Departamento de Construcións Arquitectónicas), na Escola Técnica Superior de Arquitectura, que foi informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento a renovación en cuestión, cuxos detalles figuran no **anexo IX**.

10. REGULAMENTOS INTERNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE, DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS, DA ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA, DO DPTO. DE ENERXÍA E PROPULSIÓN MARIÑA, DO DPTO. DE TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS, DO DPTO. DE DEREITO PRIVADO, E DO DPTO. DE QUÍMICA FUNDAMENTAL

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral para informar da relación de regulamentos de réxime internos que se somete á aprobación dos membros do Consello de Goberno, sendo tres deles de centro e os catro restantes de Departamento, en que se inclúen, por cumpriren todos os requisitos legalmente requiridos, os regulamentos internos do Departamento de Enerxía e Propulsión Mariña e do Departamento de Tecnoloxía da Información e as Comunicacóns, cuxa aprobación fora adiada na sesión do Consello de Goberno do día 30 de xuño de 2006 para esclarecer certas dúbidas legais. O Sr. Secretario Xeral tamén aproveita a ocasión para indicar que todos os regulamentos en cuestión, como todos os que someten á consideración do Consello de Goberno, cumpren os requisitos necesarios, sinaladamente o de teren sido informados favorablemente pola Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña.

Apróbase por asentimento a relación regulamentos de réxime interno que figura no **anexo X**.

11. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONES

O Sr. Casabella López pide a palabra para solicitar que se adopten todas as medidas que sexan necesarias para poñer fin aos problemas de escaseza de persoal que poden ocasionar ao seu entender nos centros os procesos de promoción interna. Interven para responderlle o Sr. Xerente e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica indicando que se trata de procesos aos que ten dereito o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña e que casan perfectamente coa satisfacción en todo momento das necesidades dos centros.

O Sr. Cao Abad tamén intervén para reiterar que se solucionen os problemas de acceso á Facultade de Informática, que traen a causa do mal funcionamento das tarxetas de acceso repartidas no seu día. O Sr. Xerente toma a palabra para indicar que se trata dun problema informático, que está a resolver na actualidade co Banco de Santander, que foi quen emitiu as tarxetas de acceso en cuestión.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 horas.